

### Como te axuda a Deputación de Lugo se estudas no Campus de Lugo?

O Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela está pensado para que teñas unha das ofertas máis plurais de Galicia. Podes optar por estudar na rama de Enxeñaría e Arquitectura, de Humanidades, de Ciencias Sociais, de Ciencias e por suposto da rama de Ciencias da Saúde.

Neste curso, a oferta de Lugo vese mellorada grazas á colaboración da Deputación de Lugo, que te vai axudar asumindo o 50% do prezo da matrícula dos seguintes graos:

Grao de Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais  
Enxeñaría Civil  
Enxeñaría en Xeomática e Topografía  
Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria  
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural  
Lingua e Literatura Españolas  
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

### Como teño que facer para beneficiarme?

Tes que tomar a decisión para que o teu futuro empece nunha das titulacións. Despois, só tes que acceder á páxina web da USC, seleccionar a ligazón coa matrícula e formalizar o proceso. No momento de pagar xa se che descontará de xeito automático o 50% do importe da matrícula.

### Se non estudo ningún destes graos, teño tamén algún beneficio especial por matricularme en Lugo?

Por suposto. A colaboración da Deputación vai moito máis alá, e poderás contar cunhas mellores prácticas na túa carreira, máis saídas de campo e unha serie de melloras singulares en cada unha das Facultades e Escolas. O obxectivo é que Lugo mellore en todos os servizos, o que che permitirá vivir toda unha experiencia como universitario.

### Lugo é unha cidade para estudar unha carreira?

Lugo ten unha calidade de vida excelente segundo todos os indicadores. O seu campus é urbano e está situado nun contorno rodeado da mellor paisaxe. Poderás gozar dunha das mellores ofertas de lecer e entretemento e tamén debes saber que é unha das cidades máis baratas de España. A simbiose entre a cidade e a universidade é perfecta.